

Publícase este anuncio en cumprimento do disposto na norma sexta da instrución da Xunta Electoral Central do 13 de setembro de 1999.

A Coruña, 6 de febreiro de 2009.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Secretario da Xunta Electoral de Galicia

Resolución do 7 de febreiro de 2009, da Secretaría da Xunta Electoral de Galicia, sobre o programa de debate a nivel galego, programado pola TVG, S.A., para o día 11 de febreiro en relación coas eleccións ao Parlamento de Galicia.

A TVG comunicounos a previsión de emitir o vindeiro día 11 de febreiro as 22.15 horas un debate ao que foron convidadas as forzas políticas que contan con representación no Parlamento de Galicia: PP de G, PS de G e BNG, indicando que na data da comunicación non consta aceptación por escrito de ningunha das tres forzas invitadas.

As entidades políticas afectadas polo debate anunciado poden examinar a devandita programación na Secretaría da Xunta Electoral de Galicia, sita na praza de Galicia da cidade da Coruña, no prazo preclusivo dun día, o seguinte ao da publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*, e formular os recursos que estimen pertinentes.

Publícase este anuncio en cumprimento do disposto na norma sexta da instrución da Xunta Electoral Central do 13 de setembro de 1999.

A Coruña, 7 de febreiro de 2009.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Secretario da Xunta Electoral de Galicia

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 14.439, onde di: «II.2.3. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal

das notas do segundo exercicio, os aspirantes deberán proceder...», debe dicir: «II.2.3. Desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio, os aspirantes deberán proceder...».

Na páxina 14.443, onde di: «17. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: títulos I a IV.», debe dicir: «17. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I a IV».

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 14.451, onde di: «17. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: títulos I a IV»; debe dicir: «17. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I a IV».

Corrección de erros.-Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se procede ao nomeamento como funcionario do corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C, do aspirante que superou o proceso selectivo convocado pola Orde do 11 de setembro de 2007.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 25, do 5 de febreiro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 2.495, no anexo, débese incluír a seguinte liña:

10.
76623840-F.
Pérez López, Felipe.
SAS991000327001015.
SA.
Xefe de grupo.
14.
CD.
Servizo de Xestión Económica e Inv.
Servizos periféricos.
Definit.